

## HISTORIA DA TRANSFORMACIÓN

Foi primeiro un trastorno  
unha lesiva abstinencia de nena eramos pobres e non tiña nin aquilo  
raqúitica de min depauperada antes de eu amargor carente unha  
parábola de complexos unha síndrome unha pantasma  
(Aciago a partes iguais botalo en falla ou lamentalo)  
Arrecife de sombra que rompe os meus colares.  
Foi primeiro unha branquia evasiva que  
non me quixo facer feliz tocándome co seu sopro  
son a cara máis común do patio do colexio  
a faciana eslamiada que nada en nada sementa  
telo ou non o tes renuncia afaite traga iso  
corvos toldando nubes unha condena de frío eterno  
unha paciente galerna unha privada privación  
(nena de colexio de monxas que fun saen todas  
anoréxicas ou lesbianas a  
letra entra con sangue nos cóbados nas cabezas nas  
conciencias ou nas conas).  
Pechei os ollos e desexei con todas as miñas forzas  
lograr dunha vez por todas converterme na que era.

Pero a beleza corrompe. A beleza corrompe.  
Arrecife de sombra que gasta os meus colares.  
Vence a madrugada e a gorxa contén un presaxio.  
Pobre parviña!, obsesionácheste con cubrir con aspas en vez de  
co seu contido.  
Foi un lento e vertixinoso agromar de flores en inverno  
Os ríos saltaban cara atrás e resolvíanse en fervenzas rosas  
borboletas e caracois nacéronme nos cabelos  
O sorriso dos meus peitos deu combustible aos aeroplanos  
A beleza corrompe  
A beleza corrompe  
A tersura do meu ventre escoltaba á primavera  
desbordaron as buguinas nas miñas mans tan miúdas  
o meu afago máis alto beliscou o meu ventrículo  
e xa non souben qué facer con tanta luz en tanta sombra.  
  
Dixéronme: "a túa propia arma será o teu propio castigo"  
cuspíronme na cara as miñas propias virtudes neste  
clube non admiten a rapazas cos beizos pintados de vermello  
un maremoto sucio unha usura de perversión que  
non pode ter que ver coa miña máscara de pestanas os  
ratos subiron ao meu cuarto enluxaron os caixóns da roupa branca

litros de ferralla alcatrán axexo ás agachadas litros  
de control litros de difamadores quilos de suspicacias levantadas  
só coa tensión do arco das miñas cellas deberían maniatarte  
adxudicarte unha estampa gris e borrarate os trazos con ácido  
¿renunciar a ser eu para ser unha escritora?  
demonizaron o esguío e lanzal do meu pescozo e o  
xeito en que me nace o cabelo na parte baixa da caluga neste  
clube non admiten a rapazas tan ben adobiadas  
Desconfiamos do estío  
A beleza corrompe.  
Mira ben se che compensa todo isto.

*Profundidade de Campo*

LESS IS MORE

Non me dixó  
se che contase o repugnante que encontro a túa boca,  
o charco das túas hormonas pringosas e clamantes.  
Preferiría meter os dedos nun cable de alta voltaxe  
que a miña cara na redondez irrespirable das túas tetas.  
Non me dixó

así me caía enriba agora mesmo unha pía de lastras  
antes ca a responsabilidade das túas noites de febre,  
que corra o aire entre a miña vertical  
e o pastel de xenxibre das túas ganas.  
Prefiro alfinetes nas cuncas dos ollos  
mellor ca a xelatina das túas debilidades.  
Non me dixó fuck off, non me dixó vete  
a la mierda.  
Prefiro unha dor de ouvidos, un puño na boca do estómago.  
Repúgname o fragor tan rural da túa fame,  
escoitar berrar as túas coxas  
coma bacoriños rosados abertos a machadas.

Simplemente  
el non me dixó

*A Segunda Lingua*

THE WINNER TAKES IT ALL, A MUSA NON LEVA UN PESO

Cando o ceo cobre a capota e a noite suborna o día  
saen do escuro as estrelas con zapatiños de vicetiple.

Todo o que queda na punta da lingua  
molla a saliva coa que digo este verso.

Tubérculo, iceberg, un corpo estraño na ostra,  
as súas feces estruman todas as miñas fragas.

Todo canto poida dicirche  
diríacho só na lingua que non entendas.

Un corpo cavernoso enche os seus motores,  
dosifica o seu canto en estilo indirecto.

A miña lingua amadriña o rubor destes poemas  
só para que nunca podas lelos ti.

A miña lingua fisterra, un toxo raspando a gorxa,  
o máis correúdo dos oito tentáculos fervendo.  
Unha tarxeta de memoria na que non colle un alfinete,

o figo meloso que se come só por que non podreza.  
A miña lingua é unha coroa no medio de Manhattan,  
un soportal de pedra por alí non pasa ningún río,  
unha kipá que escurece e medra e medra sobre as cabezas,  
o dedo dunha deus negra sinalándonos dende o alto.  
A miña lingua é o herexe emulado por un mártir,  
o lugar do teu corpo ao que lle tés  
medo.

Pequena deslinguada en diferido, fun gardar a man e agora  
redobro a aposta,  
mira este ás con ás, onde poño a boca poño a bala.  
As palabras convulsas,  
estas palabras remotas,  
as que nunca haberás ler,  
orbitais porque son miñas, miña esta  
cousa, miña, como miña esta lingua.  
Miña.

*A Segunda Lingua*

## METROFOBIA

Ao fondo da paisaxe, a chuvia  
esvaece as nubes cun borrón.  
Esta folla de ruta milita na xograresca.

Xa teño gana de partir e o meu coche é un soldado.  
Non vas oíndo chifrar o seu cargamento sensible?  
As estradas comarcais parecen  
cadernos pautados.

Gustaríame sucar os montes cun poema ao lombo

coma os viaxantes.

O meu coche é unha bala prateada con  
ritmo en vez de pólvora, e eu dígolle: "Vamos!".  
Xuntos atravesamos vales, barrios de funcionarios,  
as grandes explotacións eólicas  
danme ganas de loitar contra os xigantes.  
O meu coche mais eu entendémonos sen dicirnos nada.

Flores brancas do ibuprofeno,  
o meu coche é un soldado

e eu dígolle: "Vamos recitar poemas  
a Monforte de Lemos!",  
e el  
acompa o seu motor ao meu rexistro,  
repenica,  
badalea  
aínda que teña  
metrofobia.

*A Segunda Lingua*

LISTEN AND REPEAT: un paxaro, unha barba.

Todo o ceo está en crequenás. Unha sede intransitiva.

Falar nunha lingua allea  
parécese a poñer roupa prestada.

Helga confunde os significados de país e paisaxe.

(Que clase de persoa serías noutro idioma?).

Ti, fásme notar que, ás veces,  
este meu instrumento de corda  
vocal  
desafina.

No patio de luces da linguaxe,  
engánchame a prosodia  
no vestido.

Contareiche algo sobre os meus problemas coa lingua:  
hai cousas que non podo pronunciar.

Como cando te vexo sentado e só vexo  
unha cadeira –  
ceci n'est pas une chaise.

Unha cámara escura proxecta no hemisferio.

Pronunciar: se o poema é  
un exorcismo, un cambio de agregación; algún humor  
solidifica para abandonarnos.

Así é a fonación, a entalpía.

Pero tes toda a razón:  
o meu vocalismo deixa  
moito que desexar.

(Se deixo de mirar os teus dentes  
non vou entender nada do que fales).

O ceo faise pequeno. Helga sorrí en cursiva.

E eu aprendo a diferenciar entre unha barba e un paxaro  
máis alá de que levante o voo  
se trato de collela  
entre as mans.

*A Segunda Lingua*

## A POESÍA É UNHA LINGUA MINORIZADA

Comezaría polo espesor. A súa acidez, o seu ph.

Camiña igual ca unha muller:

entre o masacre do invisible

e o campo de concentración da visibilidade.

Ladra estilo e final,

unha épica hospitalaria.

No poema a linguaxe

faise ouvidos xordos a si mesma,

nel as palabras amplían

o seu círculo de amizades.

Hai que masturbar o abecedario

ata que balbuza cousas

aparentemente inconexas.

Caixa de cambios da fala,

acenos doutra orde.

O sorriso do mosquito dentro da pedra de ámbar.

Non se trata de que non comprendas árabe.

Non entendes

poesía.

*A Segunda Lingua*

## PAN DE CELEBRACIÓN. (IT'S AN UNFAIR WORLD)

O mundo é un hotel sen mostrador de recepción.

O don da elocuencia non é un ben comunitario.

Non se repartiron así nin os pans nin os peixes.

Por estribor a carne e por babor as espiñas.

Ides perder a cabeza e chóenvos

sombreiros,

os ricos terán cartos os pobres terán fillos.

Eu sei dun pan que eu partiría en anacos

que fosen minúsculos e durase para os restos;

se unha faragulla pode ocuparlle a boca a alguén,  
se pode saciar, se talvez destrabala.

Coma botes salvavidas na gloria do Titanic,  
soutos de peites para quen está  
calvo.

Urbi et orbi da retórica: nin está nin se espera.  
Calcétanse barbas para quen non ten queixelo.

Tocáronlles a algunhas bocas tres segundos de memoria.  
E Deus ha dar ese pan  
a alguén con ben menos dentes.

*A Segunda Lingua*

RECICLAXE

E o azougue gastado no espello do toucador.

Dende a man que procura o pálpito  
aproveito folios xa usados;

a tinta negra da outra cara advírtese por tras  
e penso  
que tamén se escribe así,  
anotando palabras novas mentres outras  
anteriores  
se transparentan.

*A Segunda Lingua*

O SIGNO É O SIGNIFICADO

Ti sabes de sobra o que quere dicir unha moeda.  
Unha áspera cosmogonía comezou a nacer  
cando o significado espallou  
o seu esperma sobre os ouveos.  
Selos, escanos, o sindicato dos nomes.  
Quen che dera que un xesto  
fose apenas un xesto.

Xa sabes como funciona:

Alguén inventa unha palabra e o fenómeno

bótase a existir.

Adoptas un sorriso e a súa comisura

tira da correa da ledicia.

As que foron amalgamadas, metidas nun mesmo saco,

ás que taparon o rostro, onde o seu fogar?

Sabes que toda lingüística é histórica.

Unha vogal recolle en redondo

a súa melena tan ceiba ao vento.

Nesta foresta de símbolos

hai olladas que falan máis a berros ca os discursos.

Un fonema portavoz.

A boca dunha nai dicindo que

'o Google earth non é o territorio'.

Como se aquí e noutras partes

xa todo estivese feito.

Cónsules, contrato, anel.

Cada palabra, un mapa.

Un signo caracol:

A casa da súa memoria

pesándolle nas costas.

Cada -a que agachas baixo o círculo pechado.

Unha voz apoderada.

Non disimules, sábelo:

Toda cirurxía reconstructiva é  
política.

Fórmula, fiscal, retrato.

Non fagas coma quen que non.

Tíralle á vogal do trazo

e mira o planeta que vén detrás.

Quen che dese que un xesto

fose apenas un xesto.

E ti, que tanto

tes viaxado polo mundo,

acaso non viches o que vén

sendo aínda

unha muller?

*O puño e a letra*